

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 23 DE MAIO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula o recoñecemento e revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galegidade, o Rexistro da Galegidade e o seu funcionamento.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80% derivados da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, cofinanciada polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (SI427A).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilalba, para a execución de obras en materia de urbanismo: rehabilitación do sistema de impermeabilización, remates da cuberta e reparacións interiores do Auditorio Carmen Estévez de Vilalba, por un importe total de trescentos catorce mil catrocentos vinte e sete euros con trinta e cinco céntimos (314.427,35 euros).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rodeiro para a execución das obras de acondicionamento hidráulico do río Rodeiro, 2ª fase. Rodeiro (Pontevedra), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por un importe total de douscentos noventa e nove mil novecentos trinta e un euros con setenta e oito céntimos (299.931,78 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de catrocentos cincuenta e nove mil euros (459.000 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra de construción do centro de saúde de Marín (Pontevedra) (expediente AB-SER3-14-008), por un importe total de seis millóns doce mil novecentos oitenta e nove euros con corenta e catro céntimos (6.012.989,44 euros) (IVE incluído).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva do medicamento Interferón beta, por un importe de cinco millóns sesenta e tres mil setecentos setenta e oito euros con setenta e catro céntimos (5.063.778,74 euros) e un valor estimado de nove millóns catrocentos noventa e catro mil cincocentos oitenta e cinco euros con dez céntimos (9.494.585,10 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o programa de entidades sociais 2009-2012.



CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre tesouraría e evolución de pagamentos.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o proxecto de resolución pola que se regulan as axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o calendario laboral 2015.
- Informe sobre o programa para a promoción do emprego autónomo de mozos menores de 30 anos no 2014.

O DECRETO DE RECOÑECIMENTO E REXISTRO DA GALEGUIDADE PERMITIRÁ UNHA MAIOR EFICACIA NA XESTIÓN DOS RECURSOS PÚBLICOS DESTINADOS Á DIÁSPORA

- *Con esta norma, que desenvolve en parte a Lei de galeguidade aprobada o pasado ano polo Parlamento autonómico, a Administración terá un coñecemento actualizado da realidade das comunidades galegas no exterior en canto ás súas actividades e servizos, masa social, e situación económica*
- *Ao ampliar a tipoloxía das que poden adscribirse ao Rexistro, achégase á variedade e pluralidade das entidades de cidadáns galegos no exterior, recollendo mesmo novas fórmulas asociativas con soporte na internet*
- *A Administración rexistrará de oficio aquelas entidades que xa tiveron recoñecida a súa galeguidade, previa comprobación de que cumpren os requisitos da nova lei*
- *O decreto outorga asemade unha maior relevancia aos órganos de representación dos emigrantes galegos*

O Consello da Xunta acaba de aprobar o *Decreto de recoñecemento e rexistro da galeguidade*, primeira das normas derivadas da Lei de galeguidade que desenvolven o seu contido. Cómpre lembrar que esta lei, aprobada pola Cámara autonómica o pasado ano, substituíu outra similar, de hai máis de 30 anos, que fora pioneira na materia en todo o Estado.

O obxectivo deste desenvolvemento normativo é achegarse, coa maior exactitude, precisión e verosimilitude, á dimensión actual da presenza e actividade das comunidades galegas asentadas en todos os lugares do mundo. Desta maneira, poderase debuxar un mapa social fidedigno da diáspora galega e, deste xeito, achegar os recursos públicos en prol dos galegos do exterior dunha maneira máis eficaz, eficiente, e equilibrada.

Así mesmo, e pola ampliación da tipoloxía das que poden adscribirse ao rexistro, a Administración autonómica achegarase á importante variedade e pluralidade das entidades de cidadáns galegos no exterior, algunhas das cales desenvolven o seu labor en ámbitos, disciplinas ou con obxectivos moi concretos e recollen mesmo novas fórmulas asociativas con soporte na internet, a través das redes sociais e iniciativas similares.

Os requirimentos para o recoñecemento e rexistro da galeguidade implican un seguimento detallado e permanentemente actualizado, por parte da Administración, de tres aspectos fundamentais das comunidades galegas: o nivel real de actividade en distintos ámbitos, a súa masa asociativa e a súa situación económica e viabilidade; sempre respectando o carácter privado de todas elas e, por tanto, a súa independencia de criterio e decisión.



Balances

Así, as comunidades que se adhiran ao Rexistro da Galegidade comprometeranse a presentar anualmente un balance económico e de actividade e sométense á obriga de redactar e cumprir un plan de axuste *ad hoc* no caso de que o resultado do balance económico sexa negativo. O obxectivo –plenamente compartido pola Xunta e as propias entidades- é previr situacións de tensión orzamentaria que puidesen abocar a unha diminución significativa do nivel de prestacións, ou mesmo á desaparición dalgunha das institucións galegas na diáspora.

O decreto outorga tamén maior relevancia aos órganos de representación da diáspora, por canto o recoñecemento da galegidade dunha comunidade no exterior, ou a revogación desta condición, requirirá o preceptivo informe da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, cuxos socios se escollen directamente.

Contido

O decreto estrutúrase nun título preliminar, dous títulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras. O título preliminar determina o obxecto do decreto, concreta as materias que se van regular. O título I, ao longo dos seis capítulos dos que consta, regula o procedemento para o recoñecemento e a revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galegidade. O título II ten por finalidade regular o Rexistro da Galegidade e o seu funcionamento.

As disposicións adicionais primeira e segunda regulan o procedemento que hai que seguir para a acreditación dos novos requisitos, por parte das comunidades galegas e dos centros colaboradores, recoñecidas pola normativa anterior. Así, aqueles centros que contaran xa cun recoñecemento de galegidade quedarán inscritos no rexistro de oficio por parte da Administración, sempre e cando se poda comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para iso na nova Lei de galegidade do ano 2013.

Na norma estipúlase en 20 días o prazo de entrada en vigor da norma, momento a partir do cal –sexa de oficio ou por petición de parte- se abrirá o Rexistro da Galegidade ás entidades que desexen adherirse.

Tipoloxía das entidades

Coa finalidade de achegarse á realidade actual da diáspora e ás súas novas formas de expresión e comunicación, o decreto establece distintas tipoloxías de entidades neste ámbito: comunidades galegas, centros colaboradores da galegidade, centros de estudos e difusión da cultura galega, federacións de comunidades e/ou entidades galegas e redes sociais no ámbito da galegidade.



IGUALDADE CONVOCA AS AXUDAS PARA ENTIDADES SOCIAIS QUE APOIAN MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE

- *As beneficiarias serán anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, ex-reclusas, vítimas de violencia de xénero e mulleres xestantes e lactantes*
- *No período 2009-2012 a Xunta subvencionou con máis de 3,7 millóns de euros a 111 entidades sociais que atenderon máis de 35.000 mulleres*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80 por cento para a convocatoria 2014 de axudas e subvencións a entidades sociais para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes.

A convocatoria está destinada a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro rexistradas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. O seu orzamento é de preto dun millón de euros, cofinanciados ao 80 por cento polo Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A diferenza dos anos anteriores, na convocatoria 2014 establécense dúas liñas de axudas. Unha destinada a programas de recursos integrais para mulleres e programas de mantemento de centros e unha segunda destinada a programas de investimento. Esta última liña é a innovadora e por primeira vez será cofinanciada co Feder.

A primeira liña poderá financiar os gastos correntes e de persoal e/ou para o fomento da contratación de profesionais da acción social, como educadores/as, traballadoras/es sociais, técnicas/os en integración social, axentes de igualdade, etc. Serán subvencionables os programas de mantemento de centros de atención especializada a mulleres e recursos integrais para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas/os menores de tres anos; mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social -reclusas, ex-reclusas, drogodependentes-; vítimas de violencia de xénero e mulleres en situación de especial protección, como anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes ou pertencentes a minorías étnicas. A subvención máxima será de ata 35.000 euros.

Pola súa banda, a segunda liña de axudas poderá financiar os gastos que precisen realizar para investimento en equipamento informático -ordenadores, monitores, impresoras, etc.- e/ou obras de mellora ou acondicionamento da súa sede ou locais de traballo. A subvención máxima que se poderá recibir para tal fin será de ata 20.000 euros.

Como última novidade, nesta convocatoria, as dúas liñas de axudas son compatibles con outras axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de



Desenvolvemento Rexional doutras administracións, algo que ata o momento non se daba.

Balance 2009-2012

Ademais, o vicepresidente, Alfonso Rueda, tamén informou no Consello da Xunta sobre o desenvolvemento desta liña de axudas entre os anos 2009 e 2012. Nese período, a Secretaría Xeral da Igualdade apoiou con máis de 3,7 millóns de euros as iniciativas de 111 entidades sociais, beneficiando a través delas a máis de 35.000 mulleres.

O informe especifica tamén que houbo 247 proxectos financiados -7 de cada 10 dos que se presentaron- e que o importe medio das axudas concedidas ascende a 15.348 euros. A convocatoria recolle tres liñas de actuación: centros, recursos integrais específicos e actividades de formación, unha liña específica do ano 2010.

Así, ao longo destes anos financiáronse 16 centros -sete da Coruña, cinco de Lugo, tres de Pontevedra e un de Ourense-; 183 recursos -96 na Coruña, 15 en Lugo, 29 en Pontevedra e 43 en Ourense-; e 48 actividades formativas -18 na Coruña, catro en Lugo, 17 en Pontevedra e nove en Ourense-.

Máis de 35.000 beneficiarias

O número de mulleres beneficiadas no período 2009-2012 foi de 35.262 mulleres, das cales 32.773 se beneficiaron a través da liña recursos integrais específicos, incluída a formación; 1.626 mulleres na liña de centros e 863 mulleres na liña de formación específica do ano 2010.

Entre o perfil das mulleres beneficiarias é de destacar que 6.212 delas eran mulleres con algún tipo de discapacidade, 6.086 vítimas de violencia de xénero; 2.243 xestantes e/ou lactantes, 2.239 anciás soas e 872 reclusas ou ex-reclusas. Máis da metade destas mulleres -o 52%- foron beneficiarias dun proxecto de carácter autonómico.



MEDIO AMBIENTE ACHEGA MÁIS DE 314.000 EUROS PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN DO AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ, NO CONCELLO LUCENSE DE VILALBA

- *As obras consistirán na rehabilitación do sistema de impermeabilización, reparación da cuberta e reparacións interiores do auditorio*
- *Actualmente o edificio sofre numerosas filtracións de auga de chuvia, o que fai que algunhas dependencias non poidan ser utilizadas. As obras proxectadas resolverán esta problemática*
- *Trátase do equipamento público municipal por excelencia que posúe o Concello de Vilalba para prestar servizos de tipo cultural, no cal se celebran actuacións musicais e espectáculos teatrais, entre outros eventos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilalba para a execución das obras de rehabilitación do sistema de impermeabilización, amaño da cuberta e reparacións interiores do Auditorio Carmen Estévez, en Vilalba.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, financia a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto 314.000 euros na presente anualidade de 2014.

Trátase do equipamento público municipal por excelencia que posúe o concello de Vilalba para prestar servizos de tipo cultural, no cal se celebran actuacións musicais e espectáculos teatrais, entre outros eventos.

Actualmente o edificio sofre numerosas filtracións de auga de chuvia, o que fai que algunhas dependencias non poidan ser utilizadas. As actuacións obxecto do presente convenio teñen a seguinte finalidade:

- **Rehabilitación e reparación da cuberta do auditorio:** propónse un sistema de cuberta de bandexas de aceiro sobre subestrutura metálica fixada ao soporte de cemento. Os petos resólvense de xeito idéntico ao resto da cuberta, na procura da uniformidade construtiva. Colocaranse gárgolas-aliviadeiros de augas pluviais e executarase ademais un sistema para ventilación das cámaras, en substitución do illante actual.
- **Reparacións interiores:** centrarase na recuperación da pel interior do edificio, revestimento de paramentos con taboleiro de aglomerado de densidade media aglutinado con resinas sintéticas, falsos teitos de paneis acústicos perforados do mesmo material, falsos teitos de paneis acústicos de viruta de madeira fina de

cemento branco, falsos teitos de escaiola e pintura plástica en paredes e vernizado de molduras e carpintarías de madeira.

Obrigas

O Goberno galego comprométese a levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados.

O Concello de Vilalba poñerá á disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas os terreos necesarios para a execución das obras e comprométese á reposición de servizos e servidumes no caso de seren necesarios. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias.



A XUNTA ATOURIZA A SINATURA DUN CONVENIO PARA A SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO RÍO RODEIRO, QUE INCLÚEN UNHA SENDA FLUVIAL E A CREACIÓN DE ESPAZOS DE OCIO

- *Tamén se acometerán traballos de estabilización de marxes, limpeza de fondos e reparación da presa existente*
- *A actuación suporá un investimento de 300.000 euros e comezará a executarse este mesmo ano*
- *Os problemas de inestabilidade no río Rodeiro ao seu paso polo casco urbano ocasionados polas riadas fixeron necesario acondicionalo*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Rodeiro para a posta en marcha da segunda fase das obras de acondicionamento hidráulico do río do mesmo nome. A Administración autonómica, a través de Augas de Galicia, investirá 300.000 euros nesta actuación.

O proxecto prevé actuacións de restauración de marxes, a execución dunha senda fluvial e a creación de espazos de ocio e zonas verdes no contorno do río Rodeiro, polo que se acadarán grandes beneficios tanto para os habitantes da zona como para o contorno natural. O prazo de execución será de 12 meses unha vez adxudicadas as obras, que está previsto que se inicien este mesmo ano.

Obras que se van realizar

O remate do acondicionamento hidráulico do río Rodeiro e a adecuación da súa contorna ao seu paso polo núcleo urbano de Rodeiro estruturarase en catro actuacións principais:

- ✓ **Actuacións na canle do Río Rodeiro:** estabilización de marxes na contorna da rúa do río repoñendo entulleiras, e recuperando o noiro natural na zona non somerxida; limpeza do fondo do estanque para aumentar a profundidade arredor de medio metro; reparación da presa existente e instalación dunha comporta manual en aceiro inoxidable; e limpeza das marxes do río.
- ✓ **Acondicionamento do terreo e formación de sendas peonís:** retirada de terras e residuos acumulados en diversos puntos da zona; execución de sendas peonís, con trazado e pendentes adaptadas ao terreo; catro pasarelas de madeira nos cruzamentos da senda co río; modificación do relevo co material escavado nas sendas formando un cordón de terras de 25 centímetros de altura e 75 cm de base, arredor da ribeira do estanque, para que funcione como barreira natural en caso de enchente das augas.



- ✓ **Aparcamento e paso de peóns:** na rúa do río definiranse 26 prazas de aparcamento; farase tamén unha senda peonil bordeando este aparcamento que comunica co treito antes definido mediante un novo paso de peóns.
- ✓ **Mobiliario urbano, xardinaría e instalacións:** as obras inclúen dúas zonas de xogo: unha infantil e outra para adultos; disposición dunha zona de lecer, con mesas e bancos; ademais, ao longo das sendas, disporanse bancos e papeleiras; na zona de máis altura da canle instalárase unha varanda de madeira de protección; na illa substituirase a caseta existente por unha nova. En canto á xardinaría, plantaranse árbores nas zonas verdes, con especies típicas de ribeira, e haberá unha zona de xardín tipo xaponés e zonas de plantación de flores.

Obras da primeira fase

Debido aos problemas de inestabilidade no río Rodeiro ocasionados por sucesivas riadas cumpría acondicionalo. Dada a envergadura das actuacións necesarias, realizouse unha primeira fase de acondicionamento en que se levaron a cabo as actuacións de maior urxencia.

Así, na primeira fase realizáronse labores de limpeza e protección das marxes, alargamento da canle e a execución dun estanque, por medio de pequenos encoros, aproveitando as características do terreo. No estanque construíuse unha pequena illa cunha caseta para aves.

Nun determinado tramo da actuación, dividiuse a canle orixinal do río en dúas para evitar os danos que periodicamente se ocasionaban polas enchentes dos ríos e executáronse pasarelas peonís. Ademais urbanizouse e alargouse a rúa do río dotándoa de servizos de abastecemento e saneamento e rede de pluviais novos.



A XUNTA APOIA O LABOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO NA MELLORA COMPETITIVA DO COMERCIO DE PROXIMIDADE

- *A Consellería de Economía e Industria asinará un novo acordo de colaboración coa federación dotado con 500.000 euros*
- *Incidese na información e asesoramento aos comerciantes, na dinamización das vendas, na incorporación das novas tecnoloxías e no comercio electrónico*
- *O impulso ao asociacionismo é un dos eixes principais da estratexia específica de apoio ao sector comercial do Goberno galego*

A Consellería de Economía e Industria, dentro da súa estratexia específica de apoio ao comercio de proximidade galego, cooperará un ano máis coa Federación Galega de Comercio, impulsando o importante labor que esta entidade desenvolve na mellora competitiva do sector.

Así, o Consello da Xunta acaba de aprobar un novo convenio de colaboración, dotado con 500.000 euros, dos cales Economía e Industria achega 459.000 euros, 9.000 euros máis que o ano pasado. Este acordo permitirá o mantemento dun servizo de asesoramento ao sector comercial e de fomento do emprendemento e a posta en marcha de accións de dinamización do consumo nas vilas galegas; así como diferentes actuacións para a implantación de novas tecnoloxías relacionadas coa fidelización de clientes e a potenciación do comercio electrónico.

Con este novo acordo incídese na aposta da Xunta polo impulso ao asociacionismo comercial como un dos eixes principais da estratexia específica de apoio ao sector, dentro da cal, no que vai de ano, se levan activado programas de apoio por máis de 6,5 millóns de euros.

Así, tamén no eido do asociacionismo, véñense de resolver axudas por preto de 2 millóns de euros para a posta en marcha de máis de 500 accións de impulso ao comercio de proximidade, das que se benefician 52 centros comerciais abertos e 22 asociacións de praceiros de toda Galicia, e está en fase de resolución a convocatoria para as asociacións de ámbito supramunicipal e federacións de comerciantes, dotada con 800.000 euros.

Ademais, activouse o programa de apoios aos concellos galegos para potenciar os mercados e as prazas de abastos e impulsar a competitividade do comercio de proximidade, dotado con 3,1 millóns de euros, tamén en fase de resolución. E, no ámbito do emprendemento, está aberta á presentación de solicitudes ata o 30 de xuño a nova convocatoria de axudas á apertura de establecementos comerciais, que conta cunha dotación inicial de 500.000 euros e coa que se incide no impulso ao emprendemento no tecido comercial. Este programa complementa as iniciativas



fomentadas na nova Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia, entre as que destacan a simplificación administrativa grazas á eliminación con carácter xeral das licencias municipais de obra e actividade.

Ademais destas actuacións, está en marcha un programa en colaboración coas cámaras de Comercio que mobilizará 5 millóns de euros no impulso da innovación das pequenas empresas e o comercio de proximidade.



O SERGAS MODIFICA O DECRETO QUE REGULA O USO DA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA PARA QUE POIDAN ACCEDER A ELA OS MÉDICOS FORENSES

- *Deste xeito, a actividade destes profesionais poderase realizar nun menor prazo de tempo*

O Servizo Galego de Saúde modificará o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, para permitir acceder aos médicos forenses cando desenvolvan a súa actividade en centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Isto considérase necesario para a realización de autopsias e outras actuacións derivadas de investigacións xudiciais abertas para mellorar a eficacia da súa actividade. Deste xeito, a actividade destes profesionais poderase realizar nun menor prazo de tempo e cunha maior eficacia.

Co Decreto 29/2009, Galicia deu un paso decisivo na utilización das novas tecnoloxías da información para a elaboración e o acceso á historia clínica dos pacientes. O sistema operativo IANUS permitiu integrar nun único soporte toda a documentación clínica xerada nos distintos niveis de atención aos pacientes, e ademais o acceso ás historias de forma simultánea, mellorando o sistema documental existente ata ese momento.

A posta en marcha da historia clínica electrónica facilita tamén a accesibilidade doutros profesionais e de persoal distinto daquel que presta asistencia sanitaria directa ao paciente, mantendo ao mesmo tempo a seguridade necesaria dos datos persoais.



O SERGAS DESTINARÁ MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE MARÍN

- *A súa superficie total será superior a 3.700 m²*
- *O seu prazo previsto de execución é de 17 meses*

O Servizo Galego de Saúde vai destinar máis de 6 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde de Marín, en Pontevedra, nunha parcela cedida polo Concello.

Esta obra enmárcase no programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e o seu prazo previsto de execución é de 17 meses.

O centro de saúde contará cunha área médica con 23 consultas, unha área pediátrica con 8 consultas, consulta de matrona e educación maternal, fisioterapia, traballador social, sala de raios (compartida co punto de atención continuada) e consultas polivalentes.

Ademais, terá unha área de administración cun arquivo, almacéns e outros servizos comúns. A superficie total do centro será superior a 3.700 m².

Tamén disporá dun punto de atención continuada (PAC) cunha zona de consultas e de observación.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega atenderá unha poboación dunhas 24.100 persoas e suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

O Servizo Galego de Saúde segue a licitar os centros de saúde e, neste sentido, o Diario Oficial de Galicia publicará proximamente a licitación das obras de construción do de Vilarrodís, que se unirá deste xeito á dos centros de saúde de Tui, Panxón, Galeras, Oia, O Couto e Buño, que xa foron publicados.

O SERGAS ADQUIRE O MEDICAMENTO INTERFERÓN-BETA POR MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE COMPRA CENTRALIZADA E AFORRANDO ANUALMENTE, GRAZAS A ESTA INICIATIVA, PRETO DE 420.000 EUROS

- *Trátase dun medicamento de primeira liña para o tratamento da esclerose múltiple*
- *A partir deste expediente realízase a contratación do Interferón beta 1B de xeito centralizado, o que suporá unha maior eficiencia na xestión da compra*

O Consello da Xunta autorizou a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva do medicamento Interferón-beta, por un importe de 5.063.778 euros, distribuídos en tres anualidades (2014-2016).

O Interferón-beta 1B é un medicamento de primeira liña para o tratamento da esclerose múltiple. A partir deste expediente realízase a contratación do Interferón beta 1B de xeito centralizado, o que suporá unha maior eficiencia na xestión da compra para acadar mellores prezos, mantendo a calidade da asistencia prestada aos nosos usuarios. Iso vai supoñer un aforro anual mínimo estimado de ao redor de 420.000 euros, o que contribuirá á sustentabilidade do sistema sanitario público galego.

O expediente tramítase mediante procedemento aberto co obxecto de poder atender a demanda dos citados medicamentos nos hospitais do Sergas poden concorrer a el todas as empresas farmacéuticas que dispoñan deste medicamento.



A XUNTA FIXO NESTE ANO PAGAMENTOS POR 2.711 MILLÓNS E REBAIXOU O TEMPO MEDIO DE PAGAMENTO A 20,3 DÍAS, CASE 10 MENOS QUE EN 2013

- *Galicia mantense entre as administracións públicas que paga con máis axilidade*
- *O importe dos 63.264 pagamentos efectuados pola Xunta representa case o 5% do PIB autonómico*
- *O importe facturado electronicamente á Xunta representa case a metade do total facturado á Administración galega*
- *O 40% dos pagamentos dirixiuse a empresas e particulares, e as corporacións locais recibiron pagamentos por un importe de 100 millóns de euros*
- *A Administración galega mantivo durante todo o ano como prioridade o gasto de carácter social e a atención a pequenos provedores, autónomos e pemes, axilizando os pagamentos a farmacias, á Risga e á atención á dependencia e discapacitados*

A Xunta realizou entre o 1 de xaneiro e o 15 de maio deste ano pagamentos por un importe de 2.711 millóns de euros, e rebaixou o tempo medio de pagamento ata situalo en 20,3 días, case 10 días menos que no mesmo período do pasado ano, segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

En concreto, o informe detalla que a Administración autonómica realizou ata o 15 de maio de 2014 un total de 63.264 pagamentos da Administración xeral e do Sergas. Mantendo a mesma liña que en exercicios anteriores, a Xunta segue dándolle prioridade aos pequenos provedores, os empresarios autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de achegarlles liquidez a estes colectivos.

Ademais, preto da metade do importe facturado na Administración galega neste período (o 47,3% do total) foi tramitado a través da factura electrónica. Galicia foi pioneira na súa implantación hai máis de tres anos e a súa utilización achega transparencia xa que cada provedor pode comprobar en todo momento en que situación se atopa a súa factura.

En canto aos pagamentos efectuados, máis do 40% dos pagamentos –un total de 1.097 millóns- foron destinados a empresas e particulares, mentres que as corporacións locais recibiron neste período pagamentos por un importe de 100 millóns de euros. O importe total supón preto do 5% do produto interior bruto (PIB) de Galicia.

Estas cifras súmanse ás do exercicio 2013, no cal a Administración autonómica efectuou un total de 175.984 pagamentos da Administración xeral e do Sergas. En total, a Xunta de Galicia atendeu pagamentos por un importe de 8.803 millóns de euros, unha cantidade que representa o 15,72% do PIB autonómico.



Os máis de 2.700 millóns de euros xa pagados pola Xunta serviron para atender gastos como as nóminas do persoal da Administración galega; as universidades; a Risga ou o Fondo de Cooperación Local. En canto ao ámbito social, tamén se efectuaron os pagamentos correspondentes aos gastos de funcionamento dos centros sanitarios e educativos, o pagamento da farmacia e a atención á dependencia e discapacitados.

Solvencia

A actual situación de liquidez da Comunidade galega deriva dunha orzamentación realista e prudente e do prestixio que ten nos mercados, algo que lle permite colocar sen dificultades a débeda pública e atender tamén con normalidade os pagamentos a provedores.

Galicia xa confirmou que neste 2014 non precisará utilizar o mecanismo estatal de pagamento a provedores, posto en marcha polo Executivo central para as comunidades autónomas con problemas de liquidez. A comunidade galega xa non necesitou acudir a este mecanismo en 2012 nin á súa ampliación en 2013.

Ademais, Galicia tampouco precisou acollerse ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomías con problemas para obter financiamento, situación que non está a sufrir a Comunidade galega.

En total, a Administración do Estado achegou ás autonomías, a través dos mecanismos de financiamento, máis de 71.000 millóns de euros, dos que Galicia non percibiu nin un euro.



O NOVO TÍCKET ELÉCTRICO DA XUNTA CONTRIBUIRÁ A ACADAR AFORROS DE ATA UN 40% NA FACTURA DAS FAMILIAS GALEGAS CON MENOS RECURSOS

- *O bono reportará 90 euros aos beneficiarios, elevando a cifra ata os 120 euros no caso das familias numerosas*
- *A actuación, derivada do contexto económico actual, terá unha duración dun ano e está dirixida ás preto de 14.000 familias da Comunidade cuxos ingresos non superan o IPREM e teñen fillos ao seu cargo*
- *O Goberno galego dá así un paso máis na defensa dos consumidores máis vulnerables a través de medidas de inclusión que perseguen facer fronte á suba dos prezos da enerxía*

A Xunta de Galicia, dentro da defensa que está a realizar dos consumidores máis vulnerables no contexto enerxético actual, traballa na posta en marcha do novo tícket eléctrico social, unha medida que ten por obxectivo reducir o custo da factura para aquelas familias galegas con menos recursos. Así, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, o tícket, cuxa contía se sumará á nova TUR –anterior bono social– que fixa a lei eléctrica estatal, permitirá incrementar os beneficios que esta supón, acadando deste xeito aforros de ata un 40% para os favorecidos.

A medida, derivada da situación económica actual, reportará 90 euros ás familias beneficiarias, incrementándose ata os 120 euros no caso de seren numerosas. Terá unha duración dun ano correspondente aos meses de xaneiro a decembro de 2014. Deste xeito, o Goberno galego dá un novo paso a favor dos consumidores máis vulnerables, no actual escenario que dificulta a moitas familias dispor dos recursos suficientes para o pagamento da enerxía coa que cubrir as súas principais necesidades.

O tícket está dirixido ás familias galegas con fillos menores de idade ao seu cargo e cuxos ingresos non superan o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Neste contexto, poden beneficiarse desta axuda preto de 14.000 familias, que verán facilitado o seu acceso á enerxía eléctrica.

A Xunta de Galicia está a adoptar medidas que perseguen facer fronte á subida dos prezos da enerxía, que van desde a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos ata a protección dos consumidores e a mellora da eficiencia enerxética.

Así, estanse a facer importantes esforzos na defensa dos consumidores eléctricos, resolvendo ao seu favor, grazas ao traballo do Instituto Galego de Consumo, un 67% das máis de 3.400 reclamacións presentadas neste eido en 2013. Ademais, o Goberno galego ten en marcha a campaña 'Dálle luz á túa factura', que persegue facer máis comprensible a factura da luz, resolvendo as dúbidas do consumidor e fomentando, ao mesmo tempo, o aforro enerxético.



O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2015 INCLUIRÁ COMO FESTIVOS O 2 DE NOVIEMBRE E O 20 DE MARZO

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe coa proposta do calendario laboral para o próximo exercicio, que será aprobado posteriormente por decreto*
- *O calendario laboral está establecido polo Real decreto 2001/1983 que fixa 14 festivos: dous elixidos por concellos, aos que se suman 12 marcados polo Estado*
- *Destes 12, un total de 9 son de carácter nacional e obrigatorio e 3 poden ser substituídos polas comunidades autónomas, aínda que tradicionalmente estes 3 nunca son cambiados por Galicia*
- *Dos 9 festivos obrigatorios, se algún coincide en domingo, a Comunidade autónoma pode substituílo polo luns seguinte, ou ben por outro día de interese*
- *En 2015, dous festivos obrigatorios serán un domingo: o 1 de novembro, que se substitúe polo luns seguinte, día 2; e o 6 de decembro, que se cambia polo 20 de marzo, venres, con motivo da celebración do día de San Xosé*

O calendario laboral galego para 2015 incluírá como festivo propios o día 2 de novembro, luns, e o 20 de marzo, venres. O próximo exercicio hai dous festivos que coinciden en domingo: o 1 de novembro, que se cambia polos luns seguinte, día 2; e o 6 de decembro, que se substitúe polo 20 de marzo, venres, para celebrar o día de San Xosé. Optouse polo día 20 xa que se entendeu que era unha mellor opción, ao coincidir o 19 en xoves. Cabe puntualizar, ademais, que este ano non se escolleu o Día das Letras Galegas, xa que o 17 de maio será domingo.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que recolle a proposta do calendario laboral de cara ao ano que vén. Posteriormente, terá que ser aprobado por decreto.

O Real decreto 2001/1983 establece o calendario laboral, que fixa as festas de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Esta normativa establece un máximo de 14 festivos anuais.

Destes 14 festivos, 2 son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles (1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro), mentres que outros tres festivos poden ser substituídos polas comunidades autónomas. Galicia tradicionalmente non cambia estes tres festivos, xa que son o 6 de xaneiro, o Xoves Santo (todas as comunidades manteñen sempre estes dous festivos), e o 25 de xullo, que na nosa comunidade sempre se fixa xa que é o Día Nacional de Galicia.

Hai que ter en conta que se algún dos 9 festivos nacionais de carácter obrigatorio cae en domingo, a Comunidade pode substituílos ou ben polo luns seguinte ou por outro día



que fixe a propia comunidade autónoma. Este é o caso en 2015 do 1 de novembro e do 6 de decembro.

Calendario laboral de Galicia para 2015

FESTIVIDADE	DATA	
Ano novo(*)	1 xaneiro	xoves
Día de Reis(**)	6 xaneiro	martes
Celebración de San Xosé(***)	20 marzo	venres
Xoves Santo(**)	2 de abril	xoves
Venres Santo (*)	3 abril	venres
Festa do Traballo(*)	1 maio	venres
Día Nacional de Galicia(**)	25 xullo	sábado
A Asunción(*)	15 agosto	sábado
Día da Hispanidade (*)	12 outubro	luns
Todos os Santos (***)	2 novembro	luns
A Inmaculada(*)	8 decembro	martes
Nadal(*)	25 decembro	venres

(*) Festa de carácter nacional non substituíble

() Festa de carácter nacional sobre a que a Comunidade Autónoma non exerceu a facultade de substitución**

(*) Festa propia da Comunidade Autónoma**

Ao ser **domingo** o 1 de novembro e o 6 de decembro, a Comunidade Autónoma opta por fixar o **venres** seguinte ao día de San Xosé (20 de marzo) e o **luns** seguinte á festividade de Todos os Santos (2 de novembro) como festivos propios, ao coincidir en domingo tamén o Día das Letras Galegas.

TRABALLO INVESTIRÁ 4,5 MILLÓNS DE EUROS PARA INCENTIVAR O EMPREGO AUTÓNOMO DE PRETO DE 1.500 MENORES DE 30 ANOS

- *A orde de axudas, que sairá publicada no DOG a finais deste mes, enmárcase dentro do Plan de emprego xuvenil da Xunta 2014/2015*
- *É un programa de subvencións innovador este ano, destinado a financiar proxectos empresariais que faciliten ás persoas desempregadas a creación do seu propio posto de traballo, sempre e cando a actividade se desenvolva en Galicia*
- *A convocatoria inclúe tres tipos de subvencións: para iniciativas de autoemprego xuvenil para facilitar os ingresos durante o inicio da actividade, para o establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia e unha axuda financeira para a redución de xuros de préstamos*
- *As axudas oscilan entre os 1.200 e 12.600 euros por mozo ou moza desempregado*
- *A contía das subvencións aumentará nun 10 por cento se o posto de traballo que se cree está situado en Lugo ou Ourense, encadrándose esta medida nos plans Impulsa do Goberno galego para estas dúas provincias*
- *O Consello da Xunta acaba de informar hoxe desta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar, que inclúe por primeira vez axudas para mozos desempregados co único requisito de estar dados de alta na Seguridade Social como persoas traballadoras autónomas*
- *Facilitarase, ademais, a presentación de solicitudes mediante unha simplificación dos prazos*

A Consellería de Traballo e Benestar publicará a finais deste mes no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) unha nova liña de axudas destinadas aos mozos e mozas menores de 30 anos que queiran converterse en autónomos. En concreto, o departamento autonómico investirá 4,5 millóns de euros para beneficiar preto de 1.500 mozos co obxectivo de promover o emprego autónomo entre este colectivo. Esta medida forma parte das 19 actuacións do Plan de emprego xuvenil da Xunta de Galicia que foi aprobado no mes de febreiro. Coa posta en marcha desta liña de axudas, xa serían 18 as actuacións en execución deste plan.

En concreto, esta convocatoria inclúe tres tipos de axudas: para iniciativas de autoemprego xuvenil, co propósito de facilitarlles aos mozos os ingresos durante o inicio da actividade; para o establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia; e unha axuda financeira para a redución de xuros de préstamos. O obxectivo principal é, polo tanto, financiar proxectos empresariais que lles faciliten aos mozos e ás mozas desempregados a creación do seu propio posto de traballo, sempre e cando pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.

O Consello da Xunta informou hoxe destas subvencións, un programa pioneiro en Galicia, que inclúe como principal novidade a inclusión, como único requisito para recibir



estas axudas, ser menor de 30 anos e estar dado de alta na Seguridade Social. Neste senso, é preciso salientar que se facilitará a presentación de solicitudes mediante unha simplificación dos prazos, xa que incluso poderán pedir a subvención por establecemento como autónomo e a subvención financeira aqueles que aínda non estivesen dados de alta, coa condición de que este requisito se leve a cabo no período subvencionable, ata o 30 de setembro como límite.

Iniciativas de autoemprego xuvenil

Subvencionaranse as altas como autónomos que se formalizaran entre o 1 de outubro de 2013 e ata o 30 de setembro de 2014 a través de tres tipos de axudas que oscilan entre os 1.200 e 12.600 euros.

A subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil ten como obxectivo facilitar ingresos durante o inicio da actividade a aqueles mozos e mozas menores de 30 anos que emprendan unha iniciativa empresarial ou profesional por conta propia. O único requisito será estar dado de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade profesional. A axuda será de 1.200 euros, que se incrementará nun 10 por cento se o centro de traballo estiver situado en calquera concello das provincias de Lugo ou Ourense. Esta liña de subvención non precisa acreditación de investimento mínimo.

Establecemento como autónomos

O segundo tipo de axudas está dirixida a facilitar o establecemento dos menores de 30 anos como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia. O requisito, ademais de estar dado de alta na Seguridade Social, será acreditar un investimento en inmovilizado material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros. As contías que se van financiar oscilarán entre os 5.000 e 10.000 euros por mozo e moza desempregada e que varían en función das circunstancias do beneficiario. Deste xeito, primaranse aos mozos e mozas con discapacidade; emigrantes retornados; desempregados procedentes de empresas en crise; desempregados de longa duración; e aqueles que esgotasen a prestación por desemprego.

Estas subvencións poderán verse incrementadas entre 1.000 e 2.600 euros se se acredita un investimento en inmovilizado material ou intanxible non inferior a 5.000 euros.

A contía final resultante incrementárase nun 10 por cento se o posto de traballo que se cree está localizado nas provincias de Lugo ou Ourense, encadrándose esta medida nos plans Impulsa da Xunta para estas dúas provincias.



Subvención financeira

A terceira subvención desta convocatoria está dirixida á redución de xuros do préstamo para o financiamento do inmovilizado necesario para o desenvolvemento da actividade. Esta subvención, dun único pagamento, será equivalente á redución de ata catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia deste. Neste caso, as axudas oscilan entre os 5.000 e 10.000 euros, que varían, tamén, segundo a circunstancia persoal de cada beneficiario, primando os mesmos colectivos que as subvencións destinadas para o establecemento como autónomos.

